

REGULAMENTO DA LIGA/CAMPIONATO DE BALONCESTO 3x3

Regras de xogo

A regras de xogo FIBA serán válidas para calquera situación de xogo que no este especificamente mencionada neste regulamento.

Cancha e balón

Os partidos xogaranse nunha media pista dunha cancha de baloncesto, cun balón de baloncesto de características oficiais.

Equipos

Cada equipo estará formado por un máximo de 5 xogadores (3 na cancha e 2 substitutos). Para poder presentarse aos partidos terán que acudir, como mínimo, 3 xogadores.

Árbitros

A arbitrase correrá cargo dos propios participantes durante o xogo.

Puntuación

- Cada canastra dende dentro da liña de 6,75: 1 punto.
- Cada canastra dende fora da liña de 6,75: 2 punto.
- Cada tiro libre anotado: 1 punto.

Tempo de xogo/Gañador do partido

- O tempo de xogo regular será dun período de 15 minutos de duración a reloxo corrido.
- O reloxo pararase durante los tiros libres.
- Non se parará logo da anotación dunha canastra en xogo.
- O primeiro equipo que anote 21 puntos ou máis gañará o partido no caso de ocorrer isto antes de que remate o tempo de xogo regular.
- En caso de empate a puntos ao final do tempo, xogarase un tempo extra ata que un dos equipos anote 2 puntos.

Faltas/Tiros libres

- As faltas de tiro sancionaranse cun (1) tiro libre. O resto de faltas sacaranse dende fora da cancha (banda o fondo) na zona máis próxima á que se cometeu a falta.
- As faltas de equipo a partir da 7ª falta (incluída) sancionaranse con 2 tiros libres.
- Todas as faltas técnicas resultarán sempre en 1 tiro libre e posesión del balón, mentres que as faltas antideportivas resultarán en 2 tiros libres e posesión del balón.

Substitucións

Poderanse facer as substitucións que se desexen durante o partido, sempre que o balón non estea en xogo.

¿Cómo se pon en xogo o balón?

O partido comeza coa posesión de balón dun dos equipos dende fora da liña de 6.75.

Logo de cada tiro, ou último tiro libre (agás aqueles seguidos dunha posesión de balón).

Un xogador do equipo que non anota reiniciará a posesión, sexa driblando ou pasando o balón, dende dentro da liña de 6.75 ata detrás dela. A partir de aí xa se pode realizar un tiro a canastra.

No caso de rebote ofensivo, non será necesario traspasar a liña para intentar anotar.

Tempo de posesión

O tempo de posesión por cada ataque será de 12 segundos. Se pasado ese tempo o equipo atacante non tirou a canastra (e que el balón toque o aro) a posesión pasará ao equipo contrario.

A posesión comeza a contar a partir de que o equipo defensivo consegue coller el balón.

Sistema de competición (poderá modificarse en función dos equipos e das datas)

En función do número de equipos inscritos, poderanse formar diferentes grupos que xogarán todos contra todos a unha soa volta.